


O EQUIPO DE MANUEL



Comezamos coa lectura do caso “O equipo de Manuel”

"Manuel está farto de facer traballo en grupo. Di que el traballa mellor só. Cando traballa en equipo considera que perde o tempo. Ademais non está nada contento co seu equipo. Rosa non fai nada e aprovéitase do traballo dos outros. Juan fala moito, non respecta a quenda de palabra e non escoita aos outros. Ramón intenta impoñer as súas ideas e sempre se ten que facer o que el di. María, doutra banda, non di nunca nada, pásase todo o intre escoitando ao resto do equipo e si non se lle pide expresamente non participa. En definitiva, Manuel decidiu facer só os traballos da clase de agora en diante."



Despois de que cada un leu o caso, pódese manter unha conversa con todo o grupo clase, preguntando si coñecen algún caso parecido no instituto ou na escola de primaria, relativo a súa experiencia de traballo en equipo

O profesor que dinamiza a actividade pode acabar este intercambio de impresións con este comentario:

Seguramente o problema deste equipo é que non saben traballar en grupo de forma cooperativa, simplemente, que o equipo non soubo organizarse á hora de traballar. En cambio si o equipo está ben organizado pódense adquirir moitas vantaxes. Co que faremos agora imos intentar descubrir as vantaxes do traballo en equipo”.


Os alumnos teñen un folio dividido en tres apartados (A, B e C. No apartado A, individualmente, teñen que escribir as vantaxes que consideren que – malia o que di Manuel- ten o traballo en equipo: as razóns a favor do traballo en equipo.

A continuación, os alumnos reúnen en equipos de catro ou cinco membros e poñen en común as respostas persoais que escribiron no apartado A. Nunha primeira volta, cada alumno vai dicindo unha vantaxe –só unha- e un membro do equipo (que fai de secretario) vaines anotando nunha folla a parte.

Danse tantas voltas como faga falta ata que todos os membros do equipo poidan dicir as vantaxes que escribiron inicialmente no apartado A I. Si unha vantaxe que anotara alguén xa a dixo outro compañeir@, evidentemente non se anota nesta folla, na cal quedan reflectidas todas as vantaxes que aportaron entre todos os membros do equipo. Despois cada alumno escribe no apartado B do folio, as vantaxes novas que el non escribira antes no apartado A.



Finalmente, os equipos de toda a clase poñen en común as respostas de cada equipo. Nunha primeira volta, dise unha das vantaxes –só unha- que anotou cada equipo, e danse tantas voltas como faga falta ata que saian todas as razóns a favor do traballo en equipo. Outro alumno fai de secretario xeral e vai anotando na pizarra as razóns que han encontrado entre todos os equipos. Logo disto, cada alumno anota no apartado C do seu folio as vantaxes da lista xeral que non escribira nos apartados A e B.





CONCLUSIÓN

O profesor que dirixe a actividade pide que levanten a man todos os alumn@s que escribiron algunha vantaxe nos apartados B e C do seu folio. Difícilmente haberá alguén que no apartado A xa anote todas as vantaxes da lista final.

Si non é así, sinal que aprenderon algunha cousa dos compañeiros do seu equipo ou dos outros equipos, xa que entre todos descubriron máis vantaxes das que atoparían eles sos.

Esta é unha das grandes vantaxes do traballo en equipo (que quizais non saíra na lista xeral...): Xera máis ideas que o traballo individual.